

VENTOS ÁBREGOS

Manifesto da AELG



AVELINO
ABUÍN
DE TEMBRA

Vaise desinflando a proclama españolista, titulada 'Manifiesto por la lengua común'. Non restan máis que os fanáticos deitistas de Madrid e un grupo de colaboradores e subalternos de provincias. A reacción da cidadanía española foi exemplar. A presión dos organismos autonómicos, positiva e contundente. Sorprende que no século XXI se poida armar un trepolín de tales fanatismos sen causa nin motivo. Un exemplo de incivilidade, de mala educación, de insolidariedade e intolerancia. Os promotores coidaron que viviamos no franquismo. Afortunadamente, non. Esta é unha proba de que en España cambiaron as actitudes e as mentes. Hai xente en España que aínda non se decatou. Seguen

a considerar na torda idea de que os de Castela son señores e os da periferia os escravos de Diegos de Acuña e Luís Mudarra. Naturalmente, polo que a Galicia se refire.

Chama a atención que durante a cruzada a prol do castelán o goberno non abrise a boca. Ao non moderar a controversia, estes españois volverán. Retornarán. Regresarán con outra causa. Pode ser a bandeira. Pode ser a división territorial (non sei se estarán conformes coas 17 autonomías, uni e multi provinciais e as prerrogativas que foron adquirindo). Este camiño que nos conduce inequivocamente a unha España federal, vai ter numerosos contratempos. Xa se oíu dicir que España é unha e de aí ao demais, un paso breve. Tamén se escoitou que, polo feito de sermos todos iguais, as bases da Nación Española han ser inviolables: himno, escudo, lingua, patria e soberanía. Non hai, polo visto, lugar a discusión.

Entre as sorpresas positivas para contrarrestar o 'Manifiesto por la

O uso da lingua propia está recoñecido na lexislación

lengua común', as dez cláusulas que a Asociación de Escritores en Lingua Galega -AELG- invoca e describe no seu contramanifiesto. Sequera fose sumarísimamente, quíxenas començar o outro día pero non houbo espazo. No punto 1, a AELG puntualiza que o estado español é unha realidade plurilingüe. Un feito lingüístico e cultural común á maioría dos estados que configuran a Europa occidental: Francia, Italia, Alemaña, Reino Unido, entre outros.

O galego, o éuscaro e o catalán non son inventos recentes. Son linguas que foron normais nos seus territorios durante centos de anos. A lingua que se decretou como oficial do Estado foi a invasora e ocasionou

a perda do status, sen control nin acordo previo. A Constitución española de 1978 garante a presenza do castelán, pero garante tamén que as linguas autonómicas posúen nos seus territorios idénticos dereitos e análogos deberes.

As linguas autonómicas son oficiais nos seus países, o que equivale a un 40 por cento do total español. Son a expresividade dun pobo e dunha cultura, instrumentos de comunicación e relación interpersoal necesarios e útiles para a sociedade que as sustenta.

O uso da lingua propia está recoñecido na lexislación de todo o mundo, singularmente na Carta Europea das Linguas Rexionais e na Declaración dos Dereitos Lingüísticos, ambos subscritos por España. A visión anuladora da realidade plurilingüe española conduce inexorablemente a unha etapa neofranquista, singularmente comprobando que o castelán non corre absolutamente ningún perigo en España. ●